

Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Nº 13

O Instituto Galego das Cualificacións

O Instituto Galego das Cualificacións créase polo Decreto 93/1999, do 8 de abril (DOG nº 73, do 19 de abril de 1999), como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema nacional das cualificacións nesta comunidade autónoma, en coherencia coas características sociolaborais e produtivas galegas.

Organicamente está adscrito á Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar polo Decreto 42/2013, do 21 de febreiro (DOG nº 46, do 6 de marzo de 2013), que determina a súa estrutura orgánica.

Abrangue dous servizos: “Observatorio Ocupacional” e “Deseño e Acreditación das Cualificacións”, que teñen funcións específicas e

complementarias na busca da mellor cualificación da poboación traballadora de Galicia.

As súas áreas funcionais son as seguintes:

- Observación do mercado laboral
- Cualificacións profesionais
- Formación profesional
- Acreditación da competencia profesional
- Profesións e actividades reguladas
- Actividades formativas e informativas



Neste boletín inclúese información sobre:



Novos accesos web ao Instituto Galego das Cualificacións

Acceso a información institucional e normativa



Inicio | Subscricións | Mapa do portal | Contacto | Suxestións e queixas

Consellería | Formación e Cualificacións | Empleo | Relacións Laborais | Cooperativismo e Economía Social | Pre

Inicio > Portada > Temas > Formación e Cualificacións > Cualificacións > Cualificacións

Cualificacións

O Sistema de Cualificacións Profesionais de Galicia ponse en marcha baixo a dirección do Consello Galego de Formación Profesional (**Decreto 110/1999, do 8 de abril**, modificado polo **Decreto 214/2003, do 20 de marzo**), órgano consultivo e de participación dos axentes sociais e económicos do ámbito galego, que ten como obxectivo básico coordinar todas as ensinanzas e accións de formación profesional que se acometen ou vaian acometer na nosa Comunidade Autónoma, e faise necesaria a constitución do Instituto Galego das Cualificacións (**Decreto 93/1999, do 8 de abril**) como órgano de carácter técnico que executará, dentro das súas competencias, as liñas aprobadas polo Consello.

imperdibles!

Aplicacións Web do Instituto Galego das Cualificacións

Organicamente é unha Subdirección Xeral adscrita á Dirección Xeral de Empleo e Formación da Consellería de Trballo e Benestar, que xorde como instrumento específico de carácter técnico para velar polo establecemento e xestión en Galicia do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Acceso ás aplicacións do mercado laboral galego e publicacións



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Empleo e Formación

INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS

Benvindos á páxina de información do Instituto Galego das Cualificacións.

Indicadores do Mercado Laboral | Datos de Ocupacións | A miña Profesión | Informes de Mobilidade | Publicacións e Informes

Metodoloxía | Metodoloxía | Metodoloxía

Aplicación optimizada para 1024x768

Recoñecemento da experiencia profesional (rEXp)



Ante a falta de acreditación oficial da cualificación profesional de todas aquelas persoas que a adquiriron a través da experiencia laboral ou de aprendizaxes non formais, a Consellería de Traballo e Benestar vén realizando importantes esforzos para levar a cabo o procedemento de recoñecemento da experiencia profesional (rEXp). Este procedemento vense convocando na nosa comunidade autónoma dende o ano 2011 a través do Instituto Galego das Cualificacións, como órgano encargado da súa xestión e desenvolvemento.

Ata este momento publicáronse 6 convocatorias do procedemento. A última é a establecida na Resolución do 6 de novembro de 2013 na que se convocaron un total de 1800 prazas repartidas nas cualificacións de atención sociosanitaria a persoas no domicilio e institucións sociais; socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos acuáticos naturais; servizos para o control de pragas e información xuvenil.

O desenvolvemento desta convocatoria do procedemento de recoñecemento da competencia profesional levouse a cabo de forma progresiva ao longo do ano 2014:

- Nas cualificacións de atención sociosanitaria: o asesoramento realizouse entre maio e xullo deste 2014 e a avaliación iníciase no mes de agosto e prevese rematar en novembro.
- Nas dúas cualificacións de socorrismo iníciase o asesoramento no mes de setembro previndo que non coincida co período estival, xa que é o período de máis carga laboral dos presentados e dos profesionais encargados do asesoramento e da avaliación, e a avaliación realizarase entre decembro e xaneiro do seguinte ano.
- Na cualificación de servizos de control de pragas e na de información xuvenil, xa rematou o proceso tanto de asesoramento como de avaliación, comunicándolle os resultados a cada persoa candidata no mes de xullo.

Dada a crecente demanda destes procesos de acreditación oficial da competencia profesional, a Consellería ten previsto continuar e avanzar con novas convocatorias, concretamente **estase traballando para publicar no mes de novembro deste 2014 unha nova convocatoria.**

Nesta convocatoria destacan, polo volume de prazas ofertadas, as cualificacións profesionais das áreas de atención sociosanitaria a persoas no domicilio e institucións sociais, de socorrismo en instalacións e espazos acuáticos naturais e de servizos para o control de pragas, debido á **regulación das profesións, nas que se esixe nun período de tempo determinado (finais do 2015 para atención sociosanitaria, abril do 2017 para socorrismo e xullo de 2016 para os aplicadores de pragas) estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade para poder seguir exercendo a profesión.**

Nestas profesións nas que existe algunha regulación para o seu exercicio, o número de solicitudes presentadas sempre supera o número de prazas ofertadas, o que reflicte claramente a crecente demanda de recoñecemento da competencia profesional dos traballadores da nosa comunidade autónoma nestas ocupacións e por esta razón, a Consellería segue convocando o procedemento nesas cualificacións profesionais.

Deste xeito, vanse convocar de novo as cualificacións que xa se publicaron na Resolución de novembro de 2013 e a maiores **convocaranse 3 cualificacións novas**:

- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos: é a cualificación que permite obter a acreditación para exercer a profesión de “responsable técnico” no sector do control de pragas.
- Extinción de incendios e salvamento: dirixida basicamente aos bombeiros, persoal de incendios e emerxencias.
- Transporte sanitario: cualificación que se esixe aos condutores e axudantes que operan tanto en ambulancias asistenciais como non asistenciais.

A previsión de prazas para esta convocatoria é a seguinte:

Cualificación profesional	Prazas	
	En lista de espera	Novas
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	398	200
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	362	200
Servizos para o control de pragas	50	
Información xuvenil	50	
Socorrismo en instalacións acuáticas	300	
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	200	
Xestión de servizos para o control de organismos nocivos	50	
Extinción de incendios e salvamento	100	
Transporte sanitario	200	
TOTAL	2110	

Toda a información sobre o procedemento de recoñecemento da experiencia profesional (rEXp) e as diferentes convocatorias do mesmo, poderase consultar na páxina web da consellería: <http://traballo.xunta.es/portada-reconecemento-experiencia-profesional>, onde aparece como novidade un vídeo explicativo do procedemento: en que consiste, que acreditación oficial se pode adquirir, fases do procedemento e exemplos e experiencias de profesionais que participaron nas diferentes cualificacións que se convocaron.

Resultados da 8ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O pasado maio a Consellería de Traballo e Benestar, segundo a Resolución do 7 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Emprego e Formación,



levou a cabo a 8ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de

nivel 2 e 3 de cualificación.

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

Con esta nova convocatoria a Consellería de Traballo e Benestar reafirmase no seu propósito de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, pois melloran o perfil profesional das persoas, motivándoas para progresar no eido do emprego e na formación, cun obxectivo último de acadar a inserción profesional no mercado laboral.



Para consultar o resultado das probas no buscador de notas, prema [aquí](http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave).

Nas seguintes táboas reflíctense os resultados por niveis e competencias clave. Vese como as probas máis demandadas corresponden a lingua galega, castelá e matemáticas do nivel 2, amosando unha diferenza considerable con respecto ao número de persoas que optan ás probas de nivel 3. A porcentaxe de aptos sitúase nun 84,95% para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 73,67% nas probas de nivel 3.

NIVEL 2	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS	NIVEL 3	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS
Inglés	759	356	46,90%	Inglés	142	74	52,11%
Castelán	1829	1704	93,17%	Castelán	234	182	77,78%
Galego	1700	1555	91,47%	Galego	228	206	90,35%
Matemáticas	1886	1630	86,43%	Matemáticas	224	148	66,07%
TOTAIS	6174	5245	84,95%	TOTAIS	828	610	73,67%

Máis información no seguinte enderezo: <http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>

ESTUDO DO MERCADO LABORAL

Información sobre a realidade sociolaboral galega.


Pretende servir de instrumento eficaz dirixido ao Servizo Público de Emprego e ás institucións e profesionais que desenvolven as súas actividades no ámbito laboral da orientación e a formación profesional co fin de que teñan un coñecemento pormenorizado sobre a estrutura do mercado laboral galego.



Prema [aquí](#) para ver o contido

Obxectivos da publicación

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.



Contido

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes bloques temáticos



Próxima publicación: outono 2014

Fichas do mercado laboral galego 2014


Por terceiro ano consecutivo, o Instituto Galego das Cualificacións publica as fichas técnicas do mercado laboral galego elaboradas polo Observatorio Ocupacional (<http://traballo.xunta.es/publicacions-cualificaciones>).



Estas fichas sintetizan dunha maneira gráfica as principais variables que determinan o funcionamento do mercado laboral galego.

Con estas fichas preténdese reflectir a realidade propia da nosa comunidade autónoma tendo en conta os seus datos de poboación, contratación e paro rexistrado.

TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E OCUPACIÓN POR SEXO 2013/IV



O contido das fichas amosan con diferentes gráficas e táboas os seguintes datos:

- Datos de poboación.
- Enquisa de poboación activa.
- Contratación.
- Paro rexistrado.
- Afiliacións á Seguridade Social.
- Perfil das persoas demandantes e contratadas.

NOVO INFORME

PROFESIÓN REGULADAS



Última actualización: maio 2014

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias formativas.

Definición

**Actualización
permanente a
través de
consultas nos
boletíns oficiais:
BOE, DOG**

Unha profesión regulada é aquela na que existe unha normativa emanada dunha Administración pública que establece algunha condición, relacionada coa cualificación, que é necesario cumprir para exercer unha actividade

profesional, prestar un servizo, abrir un establecemento.

Obxectivo do informe

O obxectivo deste informe é presentar un inventario, así como unha análise pormenorizada que lles sirva como información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional.

Certificados de profesionalidade

A vinculación existente entre as habilitacións profesionais e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

**Clasificación por
familias profesionais**

Estrutura do informe




Para consultar o contido do informe, prema [aquí](#).

Inserción laboral da formación para o emprego (anos 2011 e 2012)


Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Traballo e Benestar é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores desempregados.

A Consellería formou ao longo dos anos 2011 e 2012 un total de 24.078 alumnos e alumnas (13.563 no ano 2011 e 10.515 no ano 2012), que acadaron un 45% e un 39% de inserción laboral respectivamente.


Este resultado analízase partindo de tres áreas de análise:



Alumnos 2011 formados por comarcas agrupadas



Alumnos 2012 formados por comarcas agrupadas



O contido destes dous informes están á disposición do usuario no seguinte enderezo:

http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?content=/Traballo/Contidos/Publicacions/publicacion_0134.html

Publicacións periódicas do Instituto Galego das Cualificacións

O Instituto Galego das Cualificacións elabora de forma periódica unha serie de estudos e informes postos á disposición dos usuarios na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar no seguinte enderezo <http://traballo.xunta.es/publicacions-cualificaciones> ou a través do enlace dispoñible na páxina web das aplicacións do Instituto. Ademais dos informes periódicos que están clasificados por áreas temáticas, nesta páxina pódense atopar outro tipo de estudos e informes puntuais elaborados con temas de interese para o mercado laboral galego.





ÁREAS TEMÁTICAS

INFORMES TERRITORIAIS

COLECTIVOS FORMACIÓN

SAIDAS PROFESIONAIS



galicia



XUNTA
DE GALICIA